

ESTREA EN NUMAX: 21.04.2017 | v.o. | +16

Amar (2017, 105')

Dirección: Esteban Crespo

Guión: Esteban Crespo, Mario Fernández Alonso

Elenco: María Pedraza, Pol Monen, Natalia Tena, Greta Fernández, Gustavo Salmerón, Nacho Fresneda

Son: José Luis Fernández Lahera

Vestuario: Giovanna Ribes

Montaxe: Vanessa Marimbert

Dirección de arte: Montse Sanz

Fotografía: Ángel Amorós

Música: Adolfo Núñez

Produtoras: Avalon P.C., Amar AIE, Filmeu, TVE, Netflix (España)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

FILMOGRAFÍA

La propina, 2014 [curtametraxe]

Aquel no era yo, 2012 [curtametraxe]

Nadie tiene la culpa, 2011

[curtametraxe]

Lala, 2009 [curtametraxe]

Amar, 2005 [curtametraxe]

Siempre quise trabajar en una fábrica,

2005 [curtametraxe]

SINOPSE

Laura e Carlos quérense con paixón, ámanse como se cada día fose o último, coa loucura que só é posíbel co primeiro amor. Pero quizais sexa esa mesma intensidade a que, un ano despois, acabe por separar a ambos amantes.

PREMIOS E FESTIVAIS

Málaga 2017 (Sección Oficial)

«Unha lección de vida que simboliza a madurez, a perda de inocencia, as obsesións e a beleza do primeiro amor. En definitiva, unha xoia audiovisual»

Jorge Caracuel, VAVEL



“No fondo, ‘Amar’ é un filme sobre o desamor”

Entrevista a Esteban Crespo

Por María Aller

Normalmente, os filmes sobre amores adolescentes comezan cando a parella se coñece e aquí arrancas a historia cando xa están namorados. No fondo, *Amar* é un filme sobre o desamor. Empeza no momento máis álxido, no que todo é feroso, no que nada é escuro. O inicio é unha relación sexual atípica, fotografada con moita luz; eles tómana como algo natural, onde non hai prexuízos, sen escuridade por ningún lado. A partir de aí iremos baixando. Logo irán entrando os celos, o mundo dos amigos, as familias...

Canto tempo levas con este proxecto?

É un guión que escribín hai quince anos. Dentro del, había dúas historias que podían descontextualizarse e converterse en dúas curtas: aí saíron *Siempre quise trabajar en una fábrica* (2005) e *Amar* (2005). Fíxenas e non amosei ese primeiro guión a ninguén; non estaba aínda ben. Hai un par de anos involucreime nun proxecto con LaZonaFilms, un thriller chamado *Black Beach*. E entre ese tempo, a entrega do guión e a resposta dos produtores apeteceume sacar esta historia do

caixón. É unha fita pequena e valente pero manexábel. Era moi apropiado facela agora, porque a seguinte vai ser un thriller e todo ha resultar máis complexo.

Ou sexa, que cando comezaches isto, [o festival de] Málaga nin se visualizaba.

Para nada, en absoluto. Eu persoalmente tiven presente o festival porque viña aquí coas miñas curtas. *Aquel no era yo* (2012) gañou aquí varios premios. Tේñolle moito cariño a este festival. Hoxe o que están a facer é soltar o filme, que o público e os críticos o vexan por fin. Cando chega ese intre no que saber o que fixeches, loitaches moito pero agora depende da xente que o vexa.

Cal é o retrato final que queda nesta historia?

A miña idea era facer un filme sobre o primeiro amor. Ese amor tolo, arrebatador, salvaxemente imperfecto, que ten a súa parte descontrolada que non sabes manexar e ao que te agarras absolutamente e non se repite. O meu obxectivo era que o espectador lembre esas sensacións que tivo. É un filme sobre o paso á madurez e tamén xeracional, fala sobre como tes sempre que te enfrontar aos teus pais para poder medrar.

E como se conseguen plasmar esas sensacións?

Hai moitas cousas que son imaxes que tes fixas, que son as sensación que queres crear. O equipo axuda; o cinema ao fin e ao cabo é unha arte colectiva, onde todos os departamentos están unidos para crear unha mesma sensación. A fotografía é marabillosa,

pero encántame por exemplo como quedou o son, axudou moito a crear esas sensacións. A guía é sempre o guión, pero non é ningunha lei, adaptámolo á maneira de falar dos personaxes. De feito entrevistei a moitos rapaces para actualizalo. Mudou moito todo nestes quince anos.

É interesante o contraste que hai en *Amar* co amor adulto, que non aparece nada idealizado.

Efectivamente. Hai unha contraposición entre o amor idílico, o que cres que vas vivir toda a vida, fronte ao amor fracasado e unha vida danada por decisións erróneas. Mesmo hai un momento no que parece que os maduros son os rapaces.

As historias románticas de adolescentes sempre funcionan ben no cinema mainstream. Porén este filme tira máis cara ao indie.

Tampouco usaría a palabra *indie*. Aínda me falta ver o filme cun público mozo. Pero honestamente, coído que é un filme para un público que xa pasou por este amor. É para xente que cando a vexa reviva sentimentos. As xeracións adultas poden pensar, «que parvos eramos, pero que sorte que vivimos aquilo». Ademais, quixemos tratar aos mozos como o que son, xente intelixente, alonxámonos de calquera historia máis simplista. Queríamos ser serios.

Publicado en www.fotogramas.es/
Tradución: Xan Gómez Viñas

